

- O concepto de novela e a súa evolución histórica
- A épica e a narración. Orixes da novela*

Narración e **épica** son dous termos que proveñen do grego ἔπος (palabra). As primeiras manifestacións épicas atopámolas na *Ilíada* e *Odisea*, así coma nas historias relatadas polos **aedos**. En **Roma** aparecería nos **prólogos** unha pequena **reflexión** sobre o que escriben e xurde a necesidade de recoñecer a **autoría**.

Cómpre dicir que a **épica** non só se deu en Occidente, tamén a podemos atopar no *Gilgamesh* ou nas lendas de *Mahabaratah*.

- A novela grecorromana

Novela como **termo** aparece no **século XIX**, até entón denominábase **historia** (*O satiricón de Petronio*, *O asno de ouro* de Apuleio, *Metamorfose* de Ovidio...).

A novela **nace** na *Época Helenística*, tendo **pouca consideración** e sendo unha mestura de:

- **Historiografía**: está escrita en prosa.
- **Comedia**: toma dela a temática amorosa.

Segundo **BAJTIN**, a novela helenística pode ser de varios **tipos**:

- **De aventuras ou da proba**: o argumento adoita ser a historia de dous amantes que se separan e despois de diversas dificultades vólvense xuntar. Tamén se chama de proba porque é frecuente que o pai da moza poña a proba ao seu amado.
- **De costumes**: contan historias da vida cotiá ou pública. Exemplos: *O satiricón* de Petronio ou *O asno de ouro* de Apuleio.
- **Confesiós**: é a novela autobiográfica. Exemplo: *Fedón* de Platón.

- A narrativa na tradición medieval e no ciclo clasicista

Na Idade Media a **narrativa** considérase un *fermoso mentir* e destacan as *exempla* (fábulas). Amais das novelas mouriscas, pastorís etc. destacan **tres ciclos** na prosa medieval:

- **Ciclo bretón**: materia de Bretaña.
- **Ciclo clásico**: guerra de Troia.
- **Ciclo carolinxio**: milagres xacobeos.

A **ficcionalidade** desenvolverase moito a partir do *Quixote*, unha novela **metaficcional** a partir da cal se comeza a distinguir entre **romance** e **novela**:

	Romance (do lat. <i>romanice</i>)	Novela (do lat. <i>nouus</i>)
Francés	Roman	Nouvelle
Portugués	Romance	Novela
Italiano	Romanzo	Novella
Castelán	Romance (<i>restrinxíuse o termo de xeito que só designa unha composición poética</i>)	Novela

- A narrativa na Ilustración e no Romanticismo

O auxe da **burguesía** reflíctese tamén na narrativa da época, que intenta amosar a **complexidade da vida**, como é o caso do *Werther* de Goethe.

Os **prerrománticos** consideraban que ler **novelas** era **prexudicial** e un entretemento vulgar.

Os **románticos**, pola súa banda, **valoran** a **novela** por ser un **xénero proteico**, dentro do cal poden entrar cousas moi diversas, dándolle así liberdade ao creador, o **xenio romántico**. Nesta época aparecerán xéneros coma o **drama romántico** ou a **novela gótica**, mais será a **novela histórica** a que máis abunde.

- **A narrativa na segunda metade do século XIX e na primeira metade do século XX**

Nesta etapa destaca, por unha banda, a aparición do **naturalismo** (E. Zola) e, por outra, a creación dos **reflectors** da man de **Henry James**. Estes son personaxes que narran eles mesmos as súas sensacións (*Niebla* de Unamuno).

- **A novela contemporánea. Aproximación teórica**

É unha **novela postmoderna** que se enfronta a narrativas con argumentos xa moi empregados anteriormente. Existen formas coma as mininarrativas (combinan música, cinema...). Segundo **MIJAÍL BAJTIN** existe un tipo de novela no que os personaxes dialogan continuamente, é a chamada **novela polifónica** que este autor atribúe a **Dostoievski**.

- **Outras formas narrativas**
- **Epopéa, mito, saga, lenda, xesta, milagre, exemplum, apólogo...**
- **Novela e novela curta**
- **O conto. Conto literario e conto popular**

Do **conto folclórico**, analizado por **Propp**, nace o **conto literario**, cuxo principal mestre foi **EDGARD ALLAN POE**. Imos ver que trazos destacan diferentes teóricos na caracterización do conto respecto da novela:

- **Horacio Quiroga (Decálogo del perfecto cuentista)**

- Seguimento dos **modelos** de Poe, Maupassant, Kipling, Chekhov...
- **Estrutura:**
 - ♦ Importancia da **premeditación** do autor.
 - ♦ As **claves** do conto deben estar no **principio** e no **final**.
 - ♦ Brevidade e intensidade: economía lingüística.
- **Personaxes:**
 - ♦ **Brevidade** na súa **caracterización**.
 - ♦ **Orientalos** cara o **final** omitindo o que non sexa indispensábel.
- O autor debe escribir con **asepsia**, atendendo só a o **mundo interno ficcional**.

- **Rafael Dieste (Limiar de *Dos arquivos do trasno*)**

As características principais que para Dieste debe ter o conto, segundo Anxo Tarrío **relacionadas** coa teoría de **Poe**, son:

- Importancia dun **núcleo** arredor do cal **xiren** os **demais elementos** (personaxes, narrador, tempo, espazo...).
- O **final** coma a parte **máis importante**.

- **Julio Cortázar (Algunos aspectos del cuento)**

- Os **elementos fundamentais** do conto son:
 - ♦ **Intensidade.**
 - ♦ **Tensión.**
 - ♦ **Significación.**
- A súa **condensación** faiño semellante á **fotografía**.
- Preocúpase moito pola situación do **emisor** e o **receptor**, por iso Pozuelo Yvancos di que destaca a parte **pragmática**.
- **Relaciona** o conto coa **poesía**, igual ca **Emilia Pardo Bazán**.

- **Méndez Ferrín**

- Semellanza coa **fotografía** (metáfora do **flash**).
- O conto coma un **xénero autónomo**.
- Importancia do **final**, que debe **darlle sentido** ao **anterior** e ser moi **condensado**.
- Concepción **poética** do conto (**simultaneidade**).

- **Kurt Sapang (1993)**

- Existencia dun **núcleo** arredor do que xiran os demais elementos e que se comeza narrando sen ningunha introdución (**in medias res**)
- **Final** xeralmente **aberto**.
- **Condensación** e **síntese**: acción única, espazo e tempo reducidos, importancia da trama (débeselle prescindir de diálogos que non aportan datos transcendentales e descrições).
- Importancia do **título**.

- **Edelweiss Serra (1978)**

- Comezo **in medias res**
- O conto crea un **mundo ficcional finito**, mentres que o da novela é infinito.

- **Helmut Bonheim**

- A **reducida** extensión do conto trae consigo a **redución** de:
 - ♦ **Personaxes** (*tipos*)
 - ♦ **Tempo** (sumario, elipse)
 - ♦ **Espazo**
 - ♦ **Acción** (orde lineal)

♦ **O MICRORRELATO**

Aparece na **sociedade actual** respondendo á necesidade do consumo de *fast culture*. Ten importancia nos **Estados Unidos** (*Short Short Story*) e en **América Latina** (**Augusto Monterroso**).

Entre os seus **creadores** podemos nomear a Max Aub, María do Cebreiro Rábade Villar, Jaureguizar...

En canto ás súas **características** podemos dicir que son:

- **Concisión extrema.**
- É un xénero **híbrido**.
- Aproxímase á **poesía**.

- Importancia do **título**.
- Importancia do **comezo** e do **final**.

* Até o punto 2.3. non comeza o que entra no exame.

-